

Xacemento do Roupeiro

060152

Datos de Localización

Nomenclator: 3207806
Coord. UTM: X: 618509
Y: 4657680
Concello: Sarreaus
Parroquia: NOCELO DA PENA
Lugar: Nocelo da Pena
Tipoloxía: Xacementos Arqueolóxicos
Tipo: Xacementos Indeterminados
Subtipo: **Xacemento Indeterminado**

Denominación: **Xacemento do Roupeiro**

Etapa Histórica: Idade do Bronce

Estilo relevante Indeterminado

Outros Estilos:

Descrición:

A paraxe coñecida co nome de O Roupeiro, ou O Rouferio, sitúase ao Leste de Nocelo da Pena, a 740 m de altitude aproximadamente, nunha zona de ladeira adicada principalmente a castiñeiros (se ben na historiografía se viu utilizando o nome de O Roufeiro, os veciños de Nocelo coñecen a paraxe co nome de O Roupeiro, polo que cremos máis conveniente utilizar esta última denominación).

A comezos do século XX, unha pastora atopou nestas terras e de maneira casual unha vasixa de barro común que fora desenterrada polas chuvias torrenciais e que contiña no seu interior 13 obxectos metálicos adscribíbles á Idade do Bronce: dous puñais alabardados, un puñal de lengüeta, dous machados planos, unha punta de frecha, unha barra ou núcleo de produción publicado como perforador e seis puñais de remaches. Este conxunto, coñecido como o "Depósito do Roufeiro", foi adquirido polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense en 1911 e analizado por D. José Fernández Martínez, director do Laboratorio Municipal de Ourense, sendo algunhas pezas incluídas en 1968 nos S.A.M.. A consecuencia directa ou indirecta do incendio da noite do 8 de decembro de 1927 no Centro Provincial de Instrucción (onde se atopaban a Biblioteca Pública e o Museo) perdeuse unha das posibles alabardas.

Para chegar á zona é preciso coller a pista que dende o barrio do Agrelo, en Nocelo da Pena, parte en dirección Leste e, tras 150 m., coller un camiño á dereita, quedando a paraxe a 200 m.. Tamén se pode acceder polo barrio de O Campo, saíndo polo camiño que pasa polo forno comunal en dirección Leste.

DOCUMENTACIÓN:

- Ficha do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32078011.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Xacemento Indeterminado



Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: -----

Proposta Nivel de Protección Arq. -----

Grao de Protección Arq.: Grupo III

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Agrícola-Forestal

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles

Nome	Subtipo	Localizacion
Machado 1 do Roupeiro	Obxecto en metal	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Machado 2 do Roupeiro	Obxecto en metal	Museo Arqueolóxico Prorvincial de Ourense
Punzón do Roupeiro	Obxecto en metal	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Punta de frecha do Roupeiro	Obxecto en metal	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Puñal de remaches 1 do Roupeiro	Obxecto en metal	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Puñal de remaches 2 do Roupeiro	Obxecto en metal	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Puñal de remaches 3 do Roupeiro	Obxecto en metal	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Puñal de remaches 4 do Roupeiro	Obxecto en metal	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Puñal de remaches 5 do Roupeiro	Obxecto en metal	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Puñal de remaches 6 do Roupeiro	Obxecto en metal	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Puñal alabardado do Roupeiro	Obxecto en metal	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Puñal de lengüeta do Roupeiro	Obxecto en metal	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense





